



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DA RUTA DO VIÑO RÍAS BAIXAS, ASOCIACIÓN DA RUTA DO VIÑO VALDEORRAS, ASOCIACIÓN DA RUTA DO VIÑO DO RIBEIRO, ASOCIACIÓN DA RUTA DO VIÑO DA RIBEIRA SACRA E A ASOCIACIÓN DA RUTA DO VIÑO MONTERREI PARA A IMPLEMENTACIÓN DAS MEDIDAS 22 E 35 DO PLAN DE REACTIVACIÓN DOS SECTORES CULTURAL E TURÍSTICO FRONTE AOS EFECTOS DERIVADOS DA COVID-19

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2020

REUNIDOS

Por unha banda, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo, en representación da **Axencia Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional primeira do Decreto 106/2018, do 4 de outubro (DOG núm. 191, do 5 de outubro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Por outra, D. Juan Gil de Araujo González de Careaga, presidente da **Asociación da Ruta do Viño Rías Baixas**, no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que no exercicio do seu cargo se deducen dos seus estatutos.

Por outra, D. Joaquín Sánchez Rodríguez, presidente da **Asociación da Ruta do Viño de Valdeorras** no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que se deducen dos seus estatutos.

Por outra, D. Juan Manuel Casares Gándara, presidente da **Asociación da Ruta do Viño do Ribeiro**, no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que se deducen dos seus estatutos.

Por outra, D. José Manuel Rodríguez González, presidente da **Asociación da Ruta do Viño da Ribeira Sacra**, no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que se deducen dos seus estatutos.

Por outra, Dña. Lara Da Silva Rodríguez, presidenta da **Asociación da Ruta do Viño Monterrei**, no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que se deducen dos seus estatutos.





Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que as Asociacións das Rutas dos Viños de Galicia agrupan a unha serie de establecementos e empresas tales como adegas, restaurantes, aloxamentos, museos, guías, transportes... etc. relacionados co mundo do viño, que compoñen o tecido empresarial no que se basea o enoturismo. O seu labor resulta esencial para a promoción deste sector no territorio que abrangue, xa que aglutina o 100% do mesmo interesado na vertente turística. Estas Asociacións constitúen ademais as únicas entidades asociativas en cadanseu territorio interesadas no desenvolvemento dunha eficaz promoción do enoturismo e con capacidade de aglutinar a todos os integrantes do sector enolóxico e turístico.

No actual escenario turístico estamos a vivir un gran desenvolvemento do enoturismo, no que o viaxeiro se achega ás comarcas vitivinícolas co gallo dun maior coñecemento do viño e da súa cultura ancestral, o que o leva a interesarse tamén polos recursos turísticos desa comarca. A vide e o viño forman parte da identidade histórica, cultural e paisaxística de Galicia, sendo este sector unha peza clave, económica e social, artellada fundamentalmente en torno ás cinco denominacións de orixe existentes: Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras.

Segundo.- Que a Asociación da Ruta do Viño Rías Baixas formalizou a súa constitución no ano 2008. O seu labor resulta esencial para a promoción do enoturismo no territorio que abrangue, xa que aglutina o 100% do sector enolóxico interesado na vertente turística.

A Asociación ten como ámbito de actuación o territorio que ocupa a Denominación de Orixe Rías Baixas, que comprende cinco subzonas subzonas, perfectamente individualizadas, o Val do Salnés, cos concellos de Cambados, Meaño, Sanxenxo, Ribadumia, Meis, Vilanova de Arousa, Portas, Caldas de Reis, Vilagarcía de Arousa, Barro, O Grove e A Illa de Arousa; o Condado do Tea, nos concellos de Salvaterra de Miño, As Neves, Arbo, Crecente, Salceda de Caselas, Ponteareas, A Cañiza, Tui e Mos; o Rosal -cos concellos de O Rosal, Tomiño, A Guarda, Tui, Gondomar e Soutomaior- e a Ribeira do Ulla, cos concellos de Vedra, Padrón, Teo, Boqueixón, Touro, A Estrada, Silleda e Vila de Cruces.





A Asociación da Ruta do Viño de Valdeorras xurdiu dun proxecto europeo de cooperación transfronteriza España-Portugal no que Turismo de Galicia era socio. O seu labor resulta esencial para a promoción do enoturismo no territorio que abrangue, xa que aglutina o 100% do sector enolóxico interesado na vertente turística.

A Asociación ten como ámbito de actuación o territorio que ocupa a Denominación de Orixe Valdeorras, que comprende os Concellos da Rúa, Carballeda de Valdeorras, Larouco, O Barco, O Bolo, Petín, Rubiá e Vilamartín.

A Asociación da Ruta do Viño do Ribeiro constitúfuse o 30 de maio de 2007. O seu labor resulta esencial para a promoción do enoturismo no territorio que abrangue, xa que aglutina o 100% do sector enolóxico interesado na vertente turística.

Segundo os seus estatutos, a Asociación ten como ámbito de actuación o ámbito territorial que ocupa a Denominación de Orixe do Ribeiro, que comprende os Concellos de Arnoia, Beade, Boborás, Carballeda de Avia, O Carballiño, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Ourense, Punxín, Ribadavia, Toén e San Amaro.

A Asociación da Ruta do Viño da Ribeira Sacra constitúfuse en decembro de 2009, co obxectivo xeral de contribuír a través do enoturismo, ao desenvolvemento económico, social e cultural de todo o territorio da Ribeira Sacra. O seu labor resulta esencial para a promoción do enoturismo no territorio que abrangue, xa que aglutina o 100% do sector enolóxico interesado na vertente turística.

Segundo os seus estatutos, a Asociación establece o seu ámbito de acción previsto nos municipios adscritos á Denominación de Orixe Ribeira Sacra, divida en cinco subzonas, ás que pertencen os seguintes concellos: subzona de Amandi: Concellos de Sober e Monforte de Lemos; subzona de Chantada: Concellos de Portomarín, Taboada, Chantada, Carballedo a A Peroxa; subzona de Quiroga-Bibe: Concellos de Monforte de Lemos, A Pobra de Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, A Pobra de Trives, Manzaneda e San Xoán de Río; subzona de Ribeiras





do Miño: Concellos de Paradelas, O Saviñao, Pantón, Sober e Monforte de Lemos; subzona de Ribeiras do Sil: Concellos da Teixeira, Parada de Sil, Castro Caldelas e Nogueira de Ramuín.

A Asociación da Ruta do Viño Monterrei xurdiu dun proxecto europeo de cooperación transfronteriza España-Portugal, no que Turismo de Galicia era socio. O seu labor resulta esencial para a promoción do enoturismo no territorio que abrangue, xa que aglutina o 100% do sector enolóxico interesado na vertente turística.

De conformidade cos seus estatutos, a Asociación ten como ámbito de actuación o territorio que ocupa a Denominación de Orixe Monterrei, que comprende os Concellos de Oímbra, Castrelo do Val, Vilardevós, Verín, Monterrei e Riós.

Terceiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Cuarto.- Que a crise xerada pola evolución epidemiolóxica do COVID-19 provocou unha parálise total do sector turístico. As estimacións e proxeccións actuais prognostican un impacto económico especialmente intenso nuns ámbitos moi supeditados aos desprazamentos, á confianza dos mercados e cunha marcada estacionalidade.

Nos próximos meses preséntase un escenario de recuperación lento e progresivo, condicionado polas medidas de restrición de mobilidade e concentración de persoas.

En consecuencia, as necesidades e demandas no eido turístico, por mor das medidas de contención do COVID-19, mudaron profundamente.

Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou, o pasado día 30 de abril de 2020, o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19.

O Plan recolle como medida principal da acción da Axencia Turismo de Galicia neste ano 2020 o programa Galicia, destino Seguro, establecendo a implementación dunha serie de medidas que convertan e difundan a idea de Galicia como un territorio seguro e incentiven a visita segura a Galicia.





No que respecta ás rutas do viño, o Plan inclúe as seguintes medidas:

Núm. 22: Acordo coas Rutas do Viño co seguinte obxecto:

- ✓ Impulso dunha campaña de promoción da Rutas do Viño. Incluindo redes sociais, merchandising e outras accións promocionais da campaña.
- ✓ Adopción de protocolos de actuación fronte ao coronavirus para os establecementos socios das 5 Rutas do Viño.
- ✓ Servizo de atención ao cliente da plataforma de comercialización Enoturismo Galicia.
- ✓ Adaptación do desenvolvemento das actividades aos novos requisitos de carácter sanitario.

Núm. 35: Plataforma de comercialización en liña: emprego da nova plataforma de comercialización en liña de experiencias enoturísticas que se está a desenvolver desde Turismo de Galicia para incentivar as reservas por vía telemática e de maneira directa.

Sexto.- Que no citado contexto o obxectivo do presente convenio é o desenvolvemento de accións que reforcen a posición dos territorios, a través do seu amparo na marca “Enoturismo Galicia”. Unha marca que naceu fai máis de catro anos, xustamente co obxectivo que hoxe buscan os cinco territorios vitivinícolas. E por elo, que quizá hoxe, máis que nunca, é o momento idóneo para potenciar esta marca desestacionalizadora e en alza, dado que “Enoturismo Galicia” ofrece ao visitante un sinfín de posibilidades: viño, cultura, arte, gastronomía, natureza, aire limpo, augas cristalinas, ocio, sendeirismo, cicloturismo, parques naturais, rutas fluviais, patrimonio arqueolóxico, Camiño de Santiago, que sin lugar a dúbidas, converten a Galicia na mellor opción no destino.

Ademais, os recentes estudos, sobre a conduta social e a forma de consumir non só produtos senón tamén servizos, demostraron que nos atopamos ante unha importante falta de confianza e medo ao contaxio. Dúas cuestións cruciais en todos os sectores e quizais máis especialmente, no sector turístico.

Esta situación extraordinaria, sen dúbida, e salvo que a crise sanitaria desapareza, provocará unha limitación, na mobilidade dos cidadáns. É por iso, que moi posiblemente, atopémonos durante os próximos meses, cun turismo interno e de proximidade.





E as accións, que se emprendan, deben ir encamiñadas a axudar a recuperar a confianza do turista e demostrar que o sector enoturístico de Galicia preparouse e axustouse ás necesidades que a situación actual esixe.

En definitiva, a finalidade principal deste proxecto é situar a Galicia como un referente enoturístico a través da referida marca e conseguir que, sen esquecer todo o que se ha traballo ata hora, sirva para que Galicia convértase nun produto turístico “consolidado, seguro e de confianza”.

Sétimo.- Que no exercicio das súas competencias e funcións, a Axencia Turismo de Galicia está interesada en apoiar ás citadas Asociacións nas medidas descritas, por ser unha iniciativa de relevancia para a divulgación e comercialización da oferta turística galega vinculada ao enoturismo, e como medidas encamiñadas á reactivación do sector turístico fronte aos efectos derivados da crise sanitaria provocada pola COVID-19. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser as citadas Asociacións as únicas entidades que poden desenvolver o seu obxecto.

As entidades asinantes encomendan á **Asociación da Ruta do Viño do Ribeiro** á execución das actuacións relativas á medida 22 e a **Asociación da Ruta do Viño Monterrei** as relativas á medida 35, obxecto do presente convenio, de modo que será esta Asociación a encargada de realizar todas as accións oportunas para a xustificación e cobramento da subvención outorgada a través do presente convenio de colaboración.

En virtude do exposto, e co obxecto de fixar as condicións que rexerán tal colaboración, as partes conveñen celebrar este convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e a Asociación da Ruta do Viño Rías Baixas, a Asociación da Ruta do Viño de Valdeorras, a Asociación da Ruta do Viño do Ribeiro, a Asociación da Ruta do Viño da Ribeira Sacra e a Asociación da Ruta do Viño Monterrei, para o desenvolvemento das medidas 22 e 35 incluídas no Plan de reactivación dos sectores





cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19, aprobado polo Consello da Xunta o pasado 30 de abril de 2020, a través da realización das seguintes:

Accións medida 22:

1. Creación dunha campaña de publicidade con diferentes soportes publicitarios.
2. Impulso dunha campaña de promoción en medios de comunicación. Incluindo a xestión de redes sociais, e outras posibles accións promocionales da campaña.
3. Protocolo de actuación e adaptación fronte ao COVID- 19 para os socios das Rutas. Adaptación e desenvolvemento de actividades aos novos requisitos de carácter sanitario.
4. Xestión do proxecto por parte das Rutas.

Accións medida 35:

5. No que respecta á Plataforma enoturismo Galicia:

- Solución evolutiva da App e da plataforma para a súa adaptación ás medidas COVID-19
- Asesoramento xurídico sobre as implicacións xurídicas deste proxecto
- Asistencia e/ou atención ao cliente
- Outras accións tecnolóxicas de mellora: servizo de mantemento web...
- Accións de promoción

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións de promoción obxecto deste convenio ascende a **230.013,00€ (IVE incluído)**, co seguinte desagregamento:





CONCEPTO	IMPORTE
1. Creatividade campaña de reactivación do sector enoturístico: concepto e desenvolvemento da campaña anuncio, gráficas publicitarias adaptadas a diferentes soportes	32.000,00€
2. Plan de medios online e offline. xestión de redes sociais e outras accións promocionais	102.300,00€
3. Visitas gratuítas a adegas, para a reactivación do sector enoturístico	18.000,00
4. Protocolo de actuación e adaptación fronte á COVID- 19	8.000,00€
5. Xestión e coordinación do proxecto	5.000,00€
6. Plataforma enoturismo Galicia	24.793,39€
SUBTOTAL	190.093,39€
IVE (21%)	39.919,61€
TOTAL	230.013,00€

Deste orzamento a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades que se relacionan no cadro anterior con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.781.0, proxecto 2015 00005, cunha achega de 230.000,00€ dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2020.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento da subvención, unha vez que a **Asociación da Ruta do Viño do Ribeiro**, no que respecta ás accións da medida 22 e a **Asociación da Ruta do Viño**





Monterrei, nas accións da medida 35, ao abeiro do disposto no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención.

Esta axuda ten o carácter de “axuda de minimis” exenta en aplicación do Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo a aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas minimis (DOUE 24.12.2013, L352/1).

Ao estar este réxime de axudas suxeito ao Regulamento (UE) 1407/2013 relativo ás axudas de minimis, deberase garantir que, no caso de recibir as persoas beneficiarias outras axudas baixo este réxime de minimis, non se supera o límite de 200.000 € nun período de tres exercicios fiscais. Este límite aplicarase independentemente da forma da axuda de minimis ou do obxectivo perseguido. O período determinarase tomando como referencia os dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal en curso, de acordo co establecido no artigo 2 do citado regulamento.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen **a partir do 15 de marzo de 2020**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Os tributos son gasto subvencionable cando a persoa beneficiaria da subvención os paga efectivamente. En ningún caso considéranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.





Cuarta.- Compromiso das partes

1. **As Asociacións**, como entidades beneficiarias da subvención, asumen as obrigas que como entidades beneficiarias establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo de que a Asociación Ruta do Viño do Ribeiro e a Asociación Ruta do Viño de Monterrei, como entidades ás que se lle encomenda a execución das actividades obxecto do presente convenio, serán as entidades obrigadas ao desenvolvemento das mesmas así como á presentación da xustificación perante a Axencia Turismo de Galicia, entre as que cabe destacar as seguintes:

- Incluír en toda a documentación e soportes específicos das accións obxecto do presente convenio que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia, polo que deberá incluír o logo da Xunta de Galicia sempre debendo contar coa conformidade da Axencia Turismo de Galicia con anterioridade a realizar calquera publicación.

Igualmente, deberá incluírse, nas súas accións promocionais, a marca Xacobeo 2021, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021 (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2019).

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co





disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

2. A **Axencia Turismo de Galicia** comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda, que lle será pagada a Asociación da Ruta do Viño do Ribeiro no caso da medida número 22 e a Asociación Ruta do Viño de Monterrei no caso da medida 35.

Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Xustificación da subvención e pagamento

A xustificación da subvención efectuarase pola **Asociación da Ruta do Viño do Ribeiro e a Asociación da Ruta do Viño Monterrei**, que serán as entidades encargadas, segundo se sinala no citado artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de executar as actuacións obxecto do presente convenio nas medias 22 e 35 respectivamente, e de presentar a xustificación, segundo a modalidade de conta





xustificativa de acordo co previsto nos artigos 28 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que conterà a seguinte documentación:

1) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Unha memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterà:

a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

c) Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada de outros axudas, recursos, ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

g) Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

h) Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario/a das subvencións reguladas na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.





- i) Declaración sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso (artigo 6.1 do regulamento de minimis).
- j) Documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e da marca Xacobeo 2021.

Deberá presentarse declaración responsable e/ou certificados por cada unha das outras asociacións do cumprimento das letras d, g, h e i.

Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento á Asociación da Ruta do Viño do Ribeiro (medida 22) e á Asociación da Ruta do Viño Monterrei (medida 35).

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será desde a formalización do convenio ata o **30 de novembro de 2020**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación





directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava.- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar **pagamentos anticipados**, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 100%, previa autorización do Consello da Xunta, e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, segundo o disposto no artigo 63.3 do citado Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Coa solicitude de anticipo, as Asociacións terán que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

De conformidade co disposto no citado artigo 65 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as Asociacións deberán constituír garantía correspondente aos pagamentos anticipados, cando a contía acumulada relativa aos mesmos supere os 18.000€. Porén, solicitarase ao Consello da Xunta a exención da obriga de constituír garantía, ao abeiro do establecido no artigo 67.4 do citado Regulamento.

Novena.- Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.





Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. As Asociacións das Rutas dos Viños serán as responsables de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Décima.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Asociación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.





Décimo primeira.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado por cada unha das partes asinantes.

A súa actuación axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

Décimo segunda.- Modificacións e resolución do convenio

I. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

II. Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.





- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo terceira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo cuarta.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.





Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo quinta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo sexta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da





notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sétima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o **31 de decembro de 2020**.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Román Rodríguez González

Pola Asociación da Ruta do Viño
Rías Baixas

Juan Gil de Araujo González de Careaga

Pola Asociación da Ruta do Viño de Valdeorras

Joaquín Sánchez Rodríguez

Pola Asociación da Ruta do Viño do
Ribeiro

Juan Manuel Casares Gándara

Pola Asociación da Ruta do Viño da Ribeira
Sacra

José Manuel Rodríguez González

Pola Asociación da Ruta do Viño Monterrei

Lara Da Silva Rodríguez



